

O Círculo Ferrolán é o encargado de desenvolver o programa “Xadrez nas escolas” chega á práctica totalidade dos centros



Os alumnos de Infantil e Primaria son os destinatarios do programa de xadrez

JORGE MEIS

FD 7-12-11

REDACCIÓN > FERROL

■ O 90% dos colexios públicos de Infantil e Primaria de Ferrol –todos menos un– e a totalidade dos concertados ofertan este curso entre as súas actividades complementarias –desenvolvidas dentro do horario escolar e de carácter obrigatorio– o programa “Xadrez nas escolas”. Unha iniciativa que ademais algúns centros –o 50% dos públicos e o 63% dos concertados– ofertan tamén a maiores como actividade extraescolar.

O Círculo Ferrolán de Xadrez é o encargado de desenvolver a actividade no marco do convenio asinado coa Concellería de Educación que dirixe Susana Martínez Galdós, polo que se achega un total de 30.000 euros para tal fin.

Segundo se informou onte desde o Concello ferrolán, “Xadrez nas escolas” ten entre os seus obxectivos o fomento da adquisi-

ción de diversas competencias educativas e capacidades de orden lóxico, psicolóxico e sociolóxico entre o alumnado. Entre estas destacan o fomento da memoria, a atención, a abstracción, a comprensión ou a asimilación de conceptos.

Esta disciplina tamén favorece que os participantes misturen a espontaneidade do xogo co cumprimento das normas que comporta, a que pensen por conta propia e a que coñezan estratexias de resolución de problemas.

Convenio > O pasado mes de setembro, o alcalde ferrolán, José Manuel Rey Varela, e o presidente do Círculo Ferrolán de Xadrez, Xan Rodríguez Rey, asinaban o acordo de colaboración no decurso dun acto no que os dous salientaron a excelente resposta por parte dos centros educativos ao

CONVENIO

A Concellería de Educación achega 30.000 euros á iniciativa que leva a cabo o Círculo Ferrolán

programa.

Máis de 1.100 escolares beneficianse dun programa que, como subliñou entón Rodríguez, xa resulta pioneiro en Galicia e case no panorama español.

Durante media hora á semana, catro monitores do clube inician a nenos do último curso de Infantil e primeiro de Primaria na práctica dun xogo que estimula, entre outros aspectos, a actividade emocional dos rapaces.